



A MARIÑA LUCENSE MÁIS QUE UN ESCAPARATE XEOLÓXICO

Ao visitar esta zona, as súas rochas cóntannos todo o que pasou hai millóns de anos e permítennos entender os grandes cambios que houbo no noso planeta. Ao mergullarnos na súa xeoloxía é posible comprender o por que da súa paisaxe e a visita a cada un dos 16 lugares de interese xeolóxico é unha experiencia inesquecible, que nos trasladará tanto ao pasado como ao presente, e en ocasións ao futuro que lle espera a ese lugar. Por iso non te podes perder esta maneira amena, diferente e enriquecedora de facer turismo na Mariña Lucense.

Propónse a visita a diferentes enclaves xeolóxicos nos que a beleza do lugar, o seu acceso fácil e cómodo, e por suposto as vistosas formacións rochosas, fan que o interese desde o punto de vista turístico sexa moi destacado.

Agora só falta que visites cada un destes 16 lugares para observar e entender en primeira persoa este marabilloso patrimonio xeolóxico que che ofrece A Mariña. Asegurámosche que de aquí en diante a túa maneira de ver a súa paisaxe cambiará para sempre.

XEOTURISMO NA MARIÑA LUCENSE



MINIGUÍA PARA OBSERVADORES



BOAS PRÁCTICAS PARA A OBSERVACIÓN XEOLÓXICA

- Coidar e manter a paisaxe tal e como a atopamos.
- Usar roupa e equipo adecuado.
- Priorizar a nosa seguridade durante a visita.
- Manterse nos sendeiros e camiños autorizados.
- Prohibese a recolección de rochas e minerais.



ACTIVIDADES DE XEOTURISMO

Distintos concellos da Mariña, promoven variadas propostas para descubrir o seu patrimonio xeolóxico. Algunhas delas tamén se poden realizar de forma autoguiada. Ademais, puntualmente organízanse rutas guiadas de forma amena e didáctica por expertos en xeoloxía de Galicia.



A través deste link poderás ampliar información sobre o patrimonio xeolóxico, así como mapas interactivos dos lugares de interese e posibles actividades de xeoturismo na Mariña Lucense.



Migmatitas



Sienita



Estalocitos negros



Lousos e cuarcitos



Depósitos periglaciares



Apilts



Tafoni no granito



Pias no granito



Pegmatitas



Cuarcita

LUGARES XEOLÓXICOS DE INTERESE TURÍSTICO



ALFOZ - FOZ

MIRADOIRO DA FROUSEIRA

O Pão de Açúcar galego

Este miradoiro, **semellante en orixe ao Pão de Açúcar de Brasil**, é o resultado dunha **intensa erosión** nas rochas anexas. As **pias** e **acanaladuras**, son formas de desgaste presentes nos **granitos** desta zona. No seu acceso atópanse **sienitas**, unhas **rochas rosadas moi peculiares**, orixinadas pola interacción de augas termais cos granitos.

A súa paisaxe irregular de **montañas elevadas e vales amplos**, é consecuencia do **modelado en teclas de piano**, proceso xeolóxico que se iniciou fai **70 millóns de anos** polo **choque entre Europa e África**.



ALFOZ - O VALADOURO

FERVENZA DO ESCOURIDAL

Cando os canteiros son os ríos

Na fervenza do Escouridal aparecen **granitos moi resistentes e pouco fracturados**, con todo, a **auga sempre atopa as debilidades**. No **treito inicial** desta espectacular fervenza hai unha **fractura**, por iso que sexa máis lineal e estreito.

Despois, a fervenza ábrese moito máis pola **ausencia de fracturas**, desenvolvendo fermosos exemplos de cuncas, que cando son pequenas chámanse **pias** e cando adquiren grandes dimensións reciben o nome de **marmitas de xigante**. Creadas pola **rotación de partículas de rochas** sobre pequenas imperfeccións no leito do río.



BARREIROS

PUNTA CORVEIRA

Unha orde no caos

Neste punto do litoral atópase un **variado conxunto de rochas e estruturas xeolóxicas**.

Por unha banda, aparecen materiais en orixe sedimentos mariños, dobrados e transformados en **lousas e cuarcitas** fai **350 millóns de anos** debido ao **choque** entre placas tectónicas. O que xerou tamén unha **gran dobra de máis de 10 quilómetros**, visible aquí a **zona de máxima curvatura**.

E por outro, as **aplitas**, como **corpos lineais esbrancuxados que cortan a todo o anterior**, e formadas polo **arrefriado do magma** a unha profundidade máxima de 8 quilómetros fai **280 millóns de anos**.



BURELA

PORTO DE BURELA

Onde as rochas foron de plastilina

Este lugar ten **interese xeolóxico de relevancia internacional**, dada a presenza dun definido **conxunto de dobras** continuas sobre **cuarcitas e lousas**, que son resultado do **colosal choque** entre dous supercontinentes hai uns **350 millóns de anos**.

Por **enriba das dobras** hai un depósito de **sedimentos de 1 millón de anos**, é o que se interpreta como **antigas torrenteiras**.

Así mesmo a zona do porto representa unha **zona de cambio importante de rochas**. De **Burela cara Ribadeo** atópanse **cuarcitas e lousas**, pola contra, de **Burela cara Viveiro** aparecen só **granitos**.



CERVO

PUNTA ATALAIA

Unha mina para os canteiros

Este lugar é un **tómbolo**, termo que define a unha **pequena península cun estreito istmo** -moitas veces areoso- e salientable asentamento humano dende épocas prerromanas. **Orixínase cando a acción mariña atopa un obstáculo rochoso** rodeado de auga e en consecuencia acumula sedimentos e créase un corredor que o une co continente.

Tamén é destacada a **presenza de antigas canteiras ornamentais de granito**, onde é posible observar unhas rochas en corpos lineais e estreitos, as **pegmatitas**. Son **singulares** polo gran tamaño dos seus minerais, algúns con interese xemolóxico e en electrónica.



MONDOÑEDO

COVA DO REI CINTOLO

Unha viaxe ao interior da montaña

En Galicia as **cavidades naturais** son excepcionais e só se localizan na súa parte máis oriental, unha das maiores é a **Cova do Rei Cintolo**.

Estas covas orixínanse pola **disolución das calcarias** cando interaccionan coa **auga de choiva**. Na Cova do Rei Cintolo hai un **número importante de fracturas** nas rochas, o que facilita aínda máis a súa disolución e lle confire unha **morfoloxía máis irregular**.

En canto ás súas **formacións**, xunto ás **clásicas estalactitas, estalagmitas e columnas**, aparecen **bandeírolas, macarróns, coraloides ou comisas**.



OUROL

FERVENZA DA XESTOSA

As rochas que viron nacer Galicia

Este salto de auga aséntase sobre **rochas de 580 millóns de anos**, consideradas as **máis antigas de Galicia**. Denominanse **migmatitas** e mostran un **característico bandeado** de cores claras e escuras. Pero eran **sedimentos mariños**, posteriormente transformados a altas presións e temperaturas.

A escasos metros desta fervenza atópase a **falla de Viveiro**, estrutura xeolóxica que **dá orixe á ría** do mesmo nome e que se estende ao longo de **case 200 quilómetros**. Esta gran cicatriz no terreo é **produto dun colosal choque** entre placas tectónicas.



A PONTENOVA

MINA CONSUELO

Onde o ferro o foi todo

A **actividade mineira** da Pontenova **explotou capas de ferro**, resultado da acumulación de **sedimentos mariños** próximos á costa fai **450 millóns de anos**. Como as capas de ferro eran case **verticais**, as **galerías** foron de **gran altura** e con importantes desniveis. A degradación natural dos minerais de ferro deu lugar a **estalactitas negras**.

Nos **hornos** realizábase unha **transformación do mineral en bruto para convertelo en ferro puro** ou con pouco osíxeno. Isto era posible porque o mineral de ferro reaccionaba co combustible e así se eliminaba o osíxeno.



O VICEDO

PRAIA DO CHAMADOIRO

O Sor, un poderoso escultor da paisaxe

No seu extremo dereito atópase un importante **flón de seixo**, un **dos máis grandes do mundo** e actualmente en explotación. Este flón formouse pola intensa e continua circulación de **auga termal a quilómetros de profundidade e cargada en sílice**.

O **río Sor**, do mesmo xeito que o resto de ríos do planeta, transporta sedimentos **areosos** cara á súa desembocadura, formando neste caso unha **gran e fermosa barra areosa**. En cada ciclo de marea desenvólense unhas fortes correntes, algo visible nas **grandes ondulacións de area**, chamadas **megaripples**.



PRAIA DE SAN ROMÁN

Un volcán escondido entre cantís

As rochas deste areal formaron parte dun **conxunto de volcáns submarinos** de máis de **600 quilómetros**, con **explosivas e violentas erupcións**. Algo que en realidade aconteceu nas **proximidades do Polo sur**. Os seus vestixios aparecen en forma dunhas **rochas chamadas Olo de Sapo**, en referencia á súa **curiosa textura**.

O **interese xeolóxico** deste lugar **completáase** coa presenza de **pregamentos e fallas**, debido ao **choque** entre placas tectónicas. Así como por albergar **mineralizacións de óxidos de ferro**, tanto nas súas rochas como na area da praia.




VIVEIRO

MIRADOIRO DE SAN ROQUE

A falla que crea unha ría

A **ría de Viveiro** a diferenza doutras rías, formouse pola presenza dunha **falla de case 200 quilómetros** de lonxitude que separa **materiais diferentes en ambas as marxes**. Ao **Oeste** áchanse **lousas e cuarcitas**, que definen unha costa baixa pero con **cantís verticais**; e ao **Leste** aparecen **migmatitas, granitos e pegmatitas** que conforman unha paisaxe costeira de maior desnivel pero con **cantís máis suaves**.

Esta falla orixinouse nas etapas finais do **gran choque** entre os **continentes Laurusia e Gondwana** hai **uns 300 millóns de anos**.



MONTE CASTELO

Os bolas, donas da paisaxe

O termo **bolo**, fai referencia en xeoloxía, ás **formas redondeadas** que adquiren as **rochas graníticas** durante o proceso de **erosión**. A diferenza do que pode parecer, esa forma adquirena pola **interacción continua** entre o **granito** e a **auga do subsolo**. En ocasións a **disposición é caprichosa**, son as denominadas **penas caboleiras** ou en equilibrio. As formas que si se desenvolven á **intemperie** son as **pias** ou **as canaladuras**.

A panorámica da contorna da **ría de Viveiro** permite entender que unha **fractura** no terreo facilitou a súa formación.



XOVE

CANTÍS DE MORÁS

Feitos con sal e tempo

Os cantís de Morás, tamén coñecidos como **cantís de Papel**, representan un lugar de **interese xeolóxico**, debido ás **formas que adquiren as rochas graníticas por erosión**.

Estes **granitos** formáronse a partir de **magma** fai **300 millóns de anos**, como consecuencia do **choque de dous supercontinentes**, un fto xeolóxico que tamén orixinaria a famosa **Pangea**.

As **formas** destes cantís son o resultado da **interacción** das microgotas de **auga salgada** que hai no ambiente costeiro cos **minerais do granito**. Estas formas de erosión reciben os nomes de **tafoni, piás e acanaladuras**.



Visitas xeoturísticas na Mariña Lucense

A MARIÑA

GALICIA DE CORAZÓN